

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024047827
ASUNTO	Alleamento, mediante poxa pública, da uva albariña e variedades brancas da Finca de Soutomaior do ano 2024.
TRÁMITE	Aprobación do expediente de contratación.

PMC/jrf

A Deputada Delegada da Área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN,

No terreo do castelo de Soutomaior, cunha extensión total aproximada de 23 ha, adscrito ó Servizo de Medio Ambiente sitúase unha explotación vitícola dunhas 4 ha. Esta explotación vitícola de albariño é bastante antiga, do ano 1984, e distribúese unha parte sobre terreos tipo castel e en terrazas, e outra sobre terreos húmicos, fértiles e con cuberta vexetal suficiente. Este ano 2024, non vai ser un ano de moita uva, xa que naceron moitos menos racimos e na floración choveu moito, o que afectou moi negativamente o chamado dos botóns florais. Ademais, igual que ocorreu na campaña pasada, volverase a adiantar o inicio da vendima, prevéndose para a segunda semana setembro, dado que as condicións climáticas son bastante favorables ao cultivo da viña bastante suaves para a época do ano na que nos atopamos. Aínda que falta algún tempo para o comezo da colleita, os tramites administrativos para a súa adxudicación levan tempo, sendo preciso empezar en canto se poida cos mesmos xa que a uva albariña é un produto perecedeiro e podería darse o caso dun adiamento da data da vendima prevista.

As uvas producidas na leira do Castelo de Soutomaior son un ben patrimonial da Deputación de Pontevedra, de carácter perecedeiro, non afecto a uso ou servizo público para o que resulta preciso levar a cabo as tarefas de vendima para o que a institución provincial non conta con medios propios axeitados e suficientes.

Por este motivo, o Servizo de Medio Ambiente, mediante Providencia de Inicio emitida con data 5 de xullo de 2024, solicita que se proceda a realizar os trámites oportunos para o *alleamento da uva albariña e variedades brancas da Finca de Soutomaior do ano 2024*, por ser estas un produto perecedeiro.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 09/07/2024, solicita o preceptivo informe da Secretaría Xeral.

Considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 12/07/2024 (CSV: KPRJUEF4QKKEWIUQ)

Visto que, con data 15/07/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable de Intervención, de data 17/07/2024, coas observacións recollidas no mesmo (CSV: H4FVEVT09VI5SIPP)



Tendo en conta que, con data 18/07/2024, o servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que se informa que o réxime xurídico aplicable neste procedemento é o patrimonial considerando o disposto nos artigos 79 a 83 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e o procedemento de adxudicación é a poxa pública (artigo 143 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas).

Por todo o exposto, por Resolución da Presidencia número 2024005761, de 10 de xullo de 2024, de delegación e concreción de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, delegáronse na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,

RESOLVO:

1. Aprobar o expediente para levar a cabo o *“alleamento, mediante poxa pública, da uva da finca do Castelo de Soutomaior do ano 2024”*, polo seguinte prezo mínimo:

Para a uva albariña:

Importe sen IVE: 1,35 €/Kg

IVE (4%): 0,05 €/Kg

Importe IVE engadido: 1,40 €/Kg

Para o resto de variedades brancas:

Importe sen IVE: 1,01 €/Kg

IVE (4%): 0,04 €/Kg

Importe IVE engadido: 1,05 €/Kg

**Neste importe inclúense os custos derivados dos traballos de vendima, de recollida da uva na leira do Castelo e do seu transporte á adega que serán levados a cabo por parte da persoa adxudicataria.*

2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que rexerá dita contratación e que foi asinado dixitalmente co código de verificación IZP7GVZYH1TF7oKG.

3.- Designar como responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.

4.- Iniciar o procedemento para adxudicar o alleamento. O prazo de presentación de ofertas rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do seguinte prazo: 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación da mesma no perfil do contratante.



5.- Unha vez formalizado o contrato de compravenda, o ingreso correspondente será contabilizado no concepto de ingreso 24/410.364.01 (Vendas de froita) do vixente orzamento provincial.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

